

Só para amantes do xénero

Outras narrativas Ollada á nova narrativa negra francesa

La feria del crimen.

**Nueva narrativa negra
francesa · VV.AA. ·**

**Lengua de Trapo, 2007 ·
283 páx · 19,50 euros**



Dezaioito relatos publicados entre 1980 e 2006 compoñen esta antoloxía que pretende amosar a variedade de estilos e temáticas do xénero negro francés durante eses anos. José Luis Sánchez-Silva é o encargado da edición, das notas e da tradución.

A selección resulta abondo diversa, de xeito que algúns contos dos aquí inseridos non acaban de encaixar na etiqueta á que se describen, como por exemplo *El imprudente* de Thierry Jonquet (París, 1954), no que domina unha hilaridade dantesca que roza o absurdo, *Las leyes del mercado de Jérôme Leroy* (Rouen, 1964), no que a ficción científica case chega a solapar o xénero negro, ou *Muerte de un conejo urbano* de Frédéric H. Fajardie (París, 1947) que, ambientada en 1943 coa ocupación nazi como fondo, tam pouco acaba de responder por completo ás liñas do xénero.

Destacables son *Perra vida* de Philippe Carrese (Marsella, 1956), cunha ambientación impecable e un final realmente sorprendente, *La otra* de Andréa H. Japp (París, 1957), en que un curioso desdobraemento na psique da protagonista a leva a cometer un grave erro, *Noche de bestias* de Fred Vargas (París, 1957), máis clásica dentro do xénero e cun final que representa o típico *coup de force* baseado no azar, ou *La feria del crimen* de Tonino Benacquista (Choisy Le Roi, 1961), en que malfeitores de todo tipo se dan cita nunha curiosa feira onde se promoven tanto os delitos coma os delinquentes.

Mister Black de Marc Villard (Versalles, 1947), *El discurso del método* de Jean-Patrick Manchette (Marsella, 1942-París, 1995) e *Perros nocturnos* de Jean-Claude Izzo (Marsella, 1945-2000) non aforran a violencia inxustificada en tres variantes diferentes. *Ragú de cordero* de Brigitte Aubert (Cannes, 1956) consegue crear ambiente en só tres páxinas, ao igual que *El asesino vive en el 31* de Jean-Hugues Opel (París, 1957), aínda que a este último tampouco lle acae moi ben o cualificativo de negro.

Hasta el fin del mundo de Patrik Raynal (París, 1946) é o único relato que nos presenta o típico detective privado nostáxico e namoradeiro. *La centinela* de Didier Daeninckx (Saint-Denis, 1949) introdúcenos nun ambiente sórdido e medio desesperanzado tan querido por Simenon. *Tolerancia cero* de Dominique Manotti (París, 1942) e *La caza del tatú en la pampa argentina* de Jean-Bernard Pouy (París, 1946) seméllanse máis ás típicas anécdotas que se contan arredor dunha mesa ca a verdadeiros relatos. *Alta seguridad* de Gérard Delteil (París, 1939), inspirado na evasión de catro presos políticos dunha prisión de alta seguridade de Santiago de Chile, mergúllanos nunha situación tensa na que non falta o azar da man da humanidade. Finalmente *Huelga sorpresa* de Jean-Jacques Reboux (Mayenne, 1958) faínos acceder ao mundo dos que viven á marxe da lei en que todo delincente obtén a súa pena.

Unha boa mostra de autores pouco coñecidos por estes lares, agás se cadra Fred Vargas, na que chama a atención a presenza de só catro mulleres fronte a catorce homes. Só para amantes do xénero.

// Uxía Casal